Ficha artística e técnica

Dirección e Dramaturxia / *Encenação e Dramaturgia:* **Ánxeles Cuña Bóveda**
O Elenco: **Nerea Brey, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Ricardo Kalash, Igor Lebreaud, Miguel Magalhães, Laura Míguez, Ana Teresa Santos, Elena Seijo**

Tradución / *Tradução:* **Fernando Dacosta** (galego), **Manuela Torres** (português)
Dirección de Escenografía, Iluminación e Vídeo Arte / *Direcção de Cenografia, Iluminação e Videoarte:* **Laura Iturralde**
Vestiario e confección / *Concepção e execução de figurinos:* **Diego Valeiras**
Espazo Sonoro / *Espaço Sonoro:* **Renata Codda Fons**
Dramaturxia de Movemento / *Dramaturgia de Movimento:* **Rut Balbís**
Axudante de Dirección / *Assistente de Encenação:* **Fernando González**

Equipo Técnico / *Equipa Técnica:* **José Bayón, Zé Diogo, Rubén Dobaño, Diogo Lobo, Danilo Pinto, Rui Valente**
Deseño Gráfico / *Design Gráfico:* **Redeiras.net**
Fotografía / *Fotografia:* **Rubén Vilanova** e **Eduardo Pinto**
Gravación de Vídeo / *Gravação de Vídeo:* **Alba V. Carpentier**
Dirección de Produción / *Direcção de Produção:* **Fina Calleja** (Sarabela), **Eduardo Pinto, Pedro Rodrigues** (A Escola da Noite)
Distribución / *Distribuição:* **Sarabela Teatro** e **A Escola da Noite**

Agradecementos / *Agradecimentos*

Campus de Ourense (Uvigo), Biblioteca Municipal Nós, Sala Ártika, Cena Lusófona, Cine Clube Padre Feijoó, Mouda Fathallah, Turbo - Centro de entrenamento

APOIOS:
Agadic, Xunta de Galicia, Teatro Principal, Deputación provincial de Ourense, DGArtes/República Portuguesa e Câmara Municipal de Coimbra

APOIO À DIVULGAÇÃO:
Consulado Geral de Portugal em Vigo, Camões – CCP Vigo

Espectáculo en galego e en portugués / ***Espectáculo em galego e em português***

O SANGUE DAS PROMES(S)AS:
INCÊNDIOS

Wajdi Mouawad

Coprodución Internacional / *Co-produção Internacional*
Sarabela Teatro & A Escola da Noite



XUNTA DE GALICIA | AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS | REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
REPÚBLICA PORTUGUESA CULTURA, JUVENTUDE E DESPORTO
dgARTES DIREÇÃO-GERAL DAS ARTES
CÂMARA MUNICIPAL COIMBRA
Teatro Principal de Ourense
DEPUTACIÓN OURENSE
Consulado-Geral de Portugal Vigo
A ESCOLA DA NOITE
SARABELA TEATRO

A Coprodución:
unha ponte transfronteiriza pioneira

Entre Sarabela Teatro (Galicia, profesional desde 1990) e A Escola da Noite (Portugal, nada en 1992) existe unha fonda complicidade nesa visión do teatro como un xesto cívico, cuxo rigor e compromiso coa poesía e o texto dramático reflicten a súa responsabilidade coa sociedade.

Este proxecto para o bienio 2025-2026, que tivo a súa primeira parada con "O Grande Incêndio" (Coímbra, maio de 2025), dá un paso histórico con "O sangue das promesas: Incendios": unha coprodución pioneira que une dous elencos a ambos os dous lados do Miño para falar en dous idiomas (galego e portugués) nun mesmo escenario.

A iniciativa desta coprodución nace d'A Escola da Noite e do seu director artístico António Augusto Barros. Grazas a esta alianza, un texto de escala monumental coma o de Wajdi Mouawad faise viable a través da confluencia de dous equipos creativos e de nove intérpretes que representan unha selección do mellor do teatro contemporáneo ibérico.

Reiteramos o que escribimos o ano pasado, a propósito da primeira coprodución entre as dúas compañías: "Non lle corresponde ao teatro mudar o mundo. Pero ten palabras que ofrecer, que son aínda máis necesarias cando o medo e a barbarie están sendo naturalizados como instrumentos de dominación e a vertixe da guerra parece arrastrarnos para o abismo." Velaquí por que escollemos facer este proxecto en 2026.

A Co-produção:
uma ponte transfronteiriça pioneira

Entre a Sarabela Teatro (Galiza, profissional desde 1990) e A Escola da Noite (Portugal, nascida em 1992) existe uma profunda cumplicidade na visão do teatro como um gesto cívico, cujo rigor e compromisso com a poesia e o texto dramático reflectem a sua responsabilidade com a sociedade.

Este projecto para o biénio 2025-2026, que teve a sua primeira paragem com "O Grande Incêndio" (Coimbra, Maio de 2025), dá um passo histórico com "O sangue das promessas: Incêndios": uma co-produção pioneira que une dois elencos de ambos os lados do Minho para falar em dois idiomas (galego e português) num mesmo palco.

A iniciativa desta co-produção nasce d'A Escola da Noite e do seu director artístico António Augusto Barros. Graças a esta aliança, um texto de escala monumental como o de Wajdi Mouawad torna-se viável através da confluência de duas equipas criativas e de nove intérpretes que representam uma selecção do melhor do teatro contemporâneo ibérico.

Reiteramos o que escrevemos no ano passado, a propósito da primeira co-produção entre as duas companhias: "Não cabe ao teatro mudar o mundo. Mas tem palavras para oferecer, que são ainda mais necessárias quando o medo e a barbárie estão a ser naturalizados como instrumentos de dominação e a vertigem da guerra parece arrastar-nos para o abismo." Eis porque escolhemos fazer este projecto em 2026.

O Autor

Wajdi Mouawad (autor de "Incendios", "Litoral", "Bosques" e "Ceos", entre outras pezas) consolidouse como unha figura única e de extraordinaria orixinalidade na escena teatral contemporánea. As súas obras foron traducidas a máis de vinte idiomas e representadas en escenarios de todo o mundo. En toda a súa produción –que abrangue desde os seus propios textos dramáticos e adaptacións ata as direccións escénicas e as súas novelas–, Mouawad plasma a profunda convicción de que "a arte testemuña a existencia humana a través do prisma da beleza". Galardoado con numerosos premios e distincións internacionais ao longo da súa carreira, exerceu dez anos como director de La Colline - théâtre national en París.

Sinopse

Unha muller, Nawal Marwan, acaba de morrer e hoxe abre a porta ao seu silencio e aos seus segredos. Deixa aos seus xemelgos un traxe de tea verde, un caderno vermello e dous sobres que son coma dúas caixas de Pandora dos que xorden males e marabillas.

O seu contido vainos arrastrar a unha fabulosa odisea cara a un continente afastado, cara a un pasado descoñecido, cara a un segundo nacemento. "Incendios" é demoledora, chea de teatralidade, cunha estrutura dramática intrigante que provoca e conmove. Reinventa a forma de contar unha historia e a Historia, con saltos temporais e unha guerra incesante cuxos ecos reverberan ciclicamente en moitos lugares do mundo.

O Autor

Wajdi Mouawad *(autor de "Incendios", "Litoral", "Bosques" e "Céus", entre outras peças) consolidou-se como uma figura única e de extraordinária originalidade na cena teatral contemporânea. As suas obras foram traduzidas para mais de vinte idiomas e representadas em palcos de todo o mundo. Em toda a sua produção –que abrange desde os seus próprios textos dramáticos e adaptações até às direcções cénicas e aos seus romances– Mouawad plasma a profunda convicção de que "a arte testemunha a existência humana através do prisma da beleza". Galardoado com numerosos prémios e distinções internacionais ao longo da sua carreira, foi durante dez anos director do La Colline - teatro nacional em Paris.*

Sinopse

Uma mulher, Nawal Marwan, acaba de morrer e hoje abre a porta ao seu silêncio e aos seus segredos. Deixa aos seus gémeos um fato de pano verde, um caderno vermelho e dois envelopes que são como duas caixas de Pandora das quais brotam males e maravilhas.

O seu conteúdo irá arrastá-los numa fabulosa odisseia rumo a um continente distante, a um passado desconhecido, a um segundo nascimento. "Incêndios" é avassaladora, cheia de teatralidade, com uma estrutura dramática intrigante que provoca e comove. Reinventa a forma de contar uma história e a História, com saltos temporais e uma guerra incessante cujos ecos reverberam ciclicamente em muitos lugares do mundo.